



IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Baltar

Anuncio

Convocatoria no proceso selectivo para a contratación laboral que se indica a continuación, segundo as bases aprobadas por resolución da Alcaldía de data 07.09.2018:

1.- Número e denominación das prazas: 2 auxiliares de axuda a domicilio.

2.- Modalidade de contratación: contrato laboral temporal a xornada parcial (20 horas).

3.- Duración do contrato: seis meses.

4.- Sistema de selección: concurso de méritos.

5.- Retribucións brutas mensuais: 484,10 €/mes (incluídos pppe).

6.- Lugar e prazo de presentación de instancias: 3 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, no Rexistro do Concello de Baltar, en horario de 09.00 a 14.00 horas, ou por calquera dos medios admitidos en dereito.

7.- Exposición das bases: o texto completo das bases de selección están publicadas no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal.

Baltar, 7 de setembro de 2018. O alcalde.

Asdo.: José Antonio Feijóo Alonso.

Anuncio

Convocatoria en el proceso selectivo para la contratación laboral que se indica a continuación, según las bases aprobadas por resolución de la Alcaldía de fecha 07.09.2018:

1.- Número y denominación de las plazas: 2 auxiliares de ayuda a domicilio.

2.- Modalidad de contratación: contrato laboral temporal a jornada parcial (20 horas).

3.- Duración del contrato: seis meses.

4.- Sistema de selección: concurso de méritos.

5.- Retribuciones brutas mensuales: 484,10 €/mes (incluidas pppe).

6.- Lugar y plazo de presentación de instancias: 3 días hábiles contados desde el día siguiente a la publicación de este anuncio en el BOP, en el Registro del Ayuntamiento de Baltar, en horario de 09:00 a 14:00 horas, o por cualquiera de los medios admitidos en derecho.

7.- Exposición de las bases: el texto completo de las bases de selección están publicadas en el tablón de anuncios del ayuntamiento y en la sede electrónica municipal.

Baltar, 7 de septiembre de 2018. El alcalde.

Fdo. José Antonio Feijóo Alonso.

R. 2.755

Monterrei

Edicto

Anuncio de convocatoria pública de axudas para a adquisición de libros e material escolar para o curso 2018-2019, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de agosto de 2018:

Bases reguladoras da convocatoria de axudas para a adquisición de libros e material escolar para o curso 2018/2019

Primeira. Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por finalidade a concesión de subvencións a familias do iluminación de centros docentes públicos de educación infantil (segunda etapa) e educación primaria para o curso 2018-2019, distingindo:

1. Axudas para a adquisición de libros e material escolar para educación infantil (segunda etapa): 3 a 6 anos.

2. Axudas para a adquisición de libros e material escolar para alumnado matriculado en educación primaria.

Segunda. Beneficiarios

As familias dos/as alumnos/as que estean matriculados/as no curso 2018/2019, nos niveis de:

- Educación infantil (segunda etapa).

- Educación primaria.

Terceira. Requisitos dos solicitantes

As axudas poderán ser solicitadas polas familias dos/as alumnos/as que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar todos os membros da unidade familiar (pai, nai ou tutor/a ou persoa adxudicataria en sistemas de acollemento familiar e fillos) empadroados no Concello de Monterrei, antes do día 1 de setembro de 2018.

2. Estar matriculado/a nos niveis de infantil e primaria, nos seguintes centros escolares:

- CEIP de Medeiros.

- CRA de Monterrei.

- Noutros centros escolares públicos da comarca.

3. Non exceder o máximo de ingresos segundo estas bases. Enténdese por renda per cápita a renda familiar do ano 2017 dividida entre o número de membros da unidade familiar.

4. Os/as beneficiarios/as deben comunicarlle ao concello a obtención doutras axudas para a mesma finalidade.

5. Estar ao corrente no pagamento de todos os tributos e taxas municipais.

6. Non estar incorso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta. Financiamento da convocatoria

As concesión de axudas reguladas nesta orde será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 326.480 do exercicio 2018, que conta cun orzamento de 3.000 €.

Quinta. Contía e límites

As axudas municipais escolares son incompatibles con calquera outra axuda, para a mesma finalidade, de organismos públicos ou privados, comprometéndose o solicitante a comunicar ou reintegrar o concedido polo Concello de Monterrei, no caso de ter percibida outra axuda para o mesmo gasto.

Os beneficiarios poderán recibir como máximo as seguintes contías, en función das solicitudes presentadas e ata esgotar o crédito orzamentado:

Educación infantil:

- Renda per cápita familiar ata 5.400 €: 125 €

- Renda per cápita familiar desde 5.401,00 € ata 9.000,00 €: 75 €.

Educación primaria:

- Renda per cápita familiar ata 5.400 €: 100 €

- Renda per cápita familiar desde 5.401,00 € ata 9.000,00 €: 50 €.



No suposto de haber máis solicitudes que orzamento, concedéanselle as axudas a aquelas familias cuxo nivel de renda sexa inferior.

Sexta. Solicitud e documentación para achegar

1. As solicitudes presentaranse no concello nos modelos facilitados para o efecto.

2. As solicitudes (debidamente cubertas e asinadas) deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificado ou informe do centro onde os/as alumnos/as realicen estudos no que se especifique o curso onde están matriculados.

- Fotocopia do DNI do/a solicitante, pai, nai ou tutor/a ou persoa adxudicataria en sistemas de acollemento familiar

- Fotocopia do Libro de Familia.

- Certificado de convivencia.

- Fotocopia compulsada da declaración da renda e patrimonio ou documento acreditativo de non estar obrigado/a a facela (certificado de imputacións) referida ao ano 2017. No caso de traballar e non ter a obriga de presentar a declaración da renda, deberase achegar certificado da empresa correspondente ao exercicio 2017, e calquera outro xustificante das rendas obtidas (certificado da Seguridade Social ou do organismo correspondente, no caso de percibir algúna prestación: prestación por desemprego, RISGA, pensión non contributiva...).

No caso de que algún membro da unidade familiar estivese en situación de desemprego durante o ano 2017 e non percibise ningún tipo de prestación nin subsidio, deberá achegar o correspondente certificado que acredite tales feitos.

Os emigrantes e inmigrantes deberán presentar unha certificación dos ingresos obtidos no ano 2017 no país correspondente, cun informe bancario sobre a cotización media da moeda do dito país nese ano. No caso de estar un membro do matrimonio no estranxeiro e outro retornado deben igualmente acreditar os ingresos obtidos no ano 2017, mediante certificacións oficiais.

- No caso de separación ou divorcio, deberán achegar o documento que o acredite. Se non percibe pensión alimenticia ou compensatoria, a denuncia do incumprimento de sentenza.

Sétima. Lugar e prazo de presentación

A solicitude presentarase no Rexistro xeral do Concello de Monterrei, ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Publicarase tamén no taboleiro de anuncios do Concello de Monterrei, así como na páxina web municipal.

Oitava. Emenda da solicitude

Segundo o establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 e, de ser o caso, os que sinala o artigo 67 ou outros esixidos pola lexislación específica aplicable, requiriráselle ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se lle terá por desistido do seu pedimento.

Novena. Comisión Técnica de Avaliación

A Comisión Técnica de Avaliación estará formada por:

Presidente: o alcalde do concello ou persoa na que delegue.

Vogais: traballadora social, educadora social e secretario do concello, ou persoas que os substitúan.

Secretario: a auxiliar administrativa do concello ou persoa que a substitúa.

Décima. Criterios de valoración

As solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos componentes da unidade familiar do ano 2017, entendo por unidade familiar:

- A persoa solicitante.

- O seu cónxuge, se non media nulidade, separación ou divorcio, ou a persoa coa que convive como parella de feito de xeito habitual, sempre e cando a persoa solicitante non sexa vítima da violencia contra as mulleres e acredite esta situación.

- Os fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración os/as fillos e fillas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituída.

- Os fillos o fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

- Os fillos ou fillas solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.

A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentaran declaración do imposto sobre a renda de 2017, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros 366 (base imponible xeral) e 374 (base imponible do aforro) da declaración.

No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar con presentación de declaración responsable e a documentación requirida na base sexta.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade recoñecida entre o 33% e o 65%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

No caso de que a discapacidade sexa superior ao 65%, este membro computará por tres.

No caso de familias monoparentais, computarase un membro máis.

Terá a consideración de membro computable o novo cónxuge ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluiranse no cómputo da unidade familiar.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os dous proxenitores incluiranse dentro do cómputo da unidade familiar. Acreditarase mediante: documentación do xulgado sobre pensión de alimentos ou exercicio ou non de accións legais para a obtención desta. Sentenza de separación/divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais. De non teren exercitado legalmente a procura destes dereitos, deberán achegar os ingresos dos proxenitores, respecto dos fillos reconecidos no libro de familia.



A axuda concederáselle a todos os solicitantes que cumpran os requisitos mencionados no apartado de beneficiarios ata esgotar a partida orzamentaria. No suposto de que o número de solicitudes supere a consignación orzamentaria, quedarán excluídas/lista de espera as familias cuxo nivel de renda sexa superior ou teña menor puntuación.

Décimo primeira. Resolución e avaliación das propostas

A Comisión Técnica avaliará as solicitudes, de conformidade cos criterios e valoración que se determinan nas bases, e fará constar expresamente que da información que consta no seu poder se desprende que os beneficiarios cumplen todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

A proposta de resolución conterá a relación, na que se indicarán todas as persoas solicitantes que participan na convocatoria, o alumnado, renda per cápita anual, expediente, colexio, curso, concepto (libros, material escolar) e puntuación académica e resolución de axudas, co seu estado de concedido, denegado ou lista de espera.

- Concedidas. Indicarase a subvención individual de cada persoa beneficiaria.
- Denegadas. Farase constar algúns dos seguintes motivos:
 - A solicitude foi presentada fóra de prazo.
 - Non achegan a documentación requirida.
 - Non estaren empadroados/as.
 - O/a alumno/a non está matriculado/a.
 - Matriculado/a noutros centros.
 - Supera os ingresos.
 - Outros datos.
- Listaxe de espera: coa súa correspondente orde, por renda per cápita.

A Xunta de Goberno, tendo en conta a proposta da Comisión Avaliadora, acordará a aprobación definitiva das subvencións, con cargo á aplicación orzamentaria 326.480 do orzamento do concello do ano 2018, por uns importes máximos de 3.000,00 €.

O prazo de resolución non excederá dun mes contado desde a fin do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselle aos interesados conforme ao previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro , do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O vencimento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Décimo segunda. Aceptación da subvención e compromisos

A subvención entenderase aceptada polo solicitante, se dentro do prazo de 10 días seguintes á comunicación da concesión non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención e facilitarán canta información lles sexa requirida e aceptarán as seguintes obrigas:

1. Cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
2. Responder da veracidade dos datos da solicitude.
3. Comunicarlle ao Concello de Monterrei calquera cambio que afecte á situación da persoa beneficiario ou da súa unidade de convivencia.

Décimo terceira. Xustificación e pagamento

Aboarase o importe da subvención concedida cando os beneficiarios a xustifiquen debidamente, coa presentación da seguinte documentación:

- Factura orixinal do gasto realizado. En cada factura deberá figurar, cando menos, os seguintes datos: CIF ou NIF do establecemento, nome do titular do establecemento (empresa/apelidos e nome), datos do establecemento (denominación comercial, enderezo completo, concello e provincia), data e número de factura, tipo ou tipos impositivos aplicables nas operacións (base imponible e IVE do total da factura desagregada, detalle da compra/concepto e titular desta: paí, nai ou tutor do solicitante).

- Declaración formal, asinada polo representante, de todas as axudas solicitadas e concedidas para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou privadas.

Décimo cuarta. Forma e prazo de pagamento da subvención

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria no número de conta que figura no formulario da solicitude, xunto coa documentación que neles se require.

O importe para xustificar non será inferior en ningún caso ao 100% do importe da subvención concedida; noutro caso, reducirase a axuda ata o importe xustificado.

O importe da subvención concedida aboarase unha vez aprobada definitivamente, e previa xustificación dos gastos subvencionables non se realizarán pagos a conta.

Décimo quinta. Prazo de xustificación da subvención

O prazo máximo para xustificar a subvención será o 30 de novembro de 2018.

Décimo sexta. Reintegro de subvencións

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición final

En todo o non disposto nesta convocatoria, haberá que aterse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, xeral de subvencións, Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións e as bases de execución do orzamento do Concello de Monterrei.

Monterrei, 30 de agosto de 2018. O alcalde.

Asdo.: José Luis Suárez Martínez.

(Ver anexos páx. 4-5)



ANEXO I

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR. SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

DNI	Nome e apelidos

DOMICILIO

DATOS DE CONTACTO

TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO ALUMNO PARA O QUE SOLICITA A AXUDA

Nome e apelidos	Data de nacemento

ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2018/2019

 INFANTIL PRIMARIA

NOME DO CENTRO

DATOS BANCARIOS

IBAN

Monterrei,.....de.....de 2018

Asdo.:



ANEXO II

D./D.^a _____

co DNI n.º _____, con domicilio _____

En relación coa axuda económica concedida polo Concello de Monterrei destinada a financiar a adquisición de libros de texto e material escolar para o curso 2018-2019, DECLARO baixo a miña responsabilidade:

1. Que non incorro en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 1 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Que estou ao corrente das miñas obrigas fiscais co Concello de Monterrei, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Xunta de Galicia e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Monterrei,..... de de 2018

Asdo.:

ANEXO III

D./D.^a _____

co DNI n.º _____, con domicilio _____

En relación coa axuda económica concedida polo Concello de Monterrei destinada a financiar a adquisición de libros de texto e material escolar para o curso 2018-2019, DECLARO baixo a miña responsabilidade:

Que foi cumplida a finalidade para a que se outorgou a subvención concedida.

- Que non teño solicitado, nin concedido, nin está pendentes de resolución outras subvencións ou axudas das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, para o mesmo concepto que o solicitado nesta subvención.
- Que teño solicitado outra axuda económica para a mesma finalidade.
- Que teño concedida unha axuda por importe de _____ €

Monterrei,..... de de 2018

Asdo.:.....